



*Coro Galego*  
**CANTIGAS DA TERRA**  
*A Coruña 1916*

## **DISCURSO**

Cerimonia de Imposición das

## **MEDALLAS CASTELAO**

Xunta de Galicia  
Santiago de Compostela  
28 de xuño de 2016

**Santo Domingos de Bonaval**  
Panteón dos Galegos Ilustres

Pronunciado por  
Hugo López Arias  
Presidente do Coro Galego Cántigas da Terra,  
e realizado na maior medida a partir das investigacións e artigos do  
Arquiveiro da Entidade,  
Ramón Rodríguez Palleiro, Moncho do Orzán.

Miñas donas e meus señores:

Como portadores do legado de Cántigas da Terra, transmitimos a grande honra que nos supón recibir a Medalla Castelao, como recoñecemento a un século de traballo pola nosa música, a nosa cultura e o noso idioma, en nome dos máis de mil coristas que pasaron pola Entidade. Asimesmo, queremos parabenizar aos demais galardoados que hoxe reciben canda nós esta distinción.

Os Coros Galegos son o reflexo dun pobo que quere expresar un patrimonio artístico que ten de seu. Memoria viva da Galiza musical, cultural e política.

En todas as sociedades do mundo existe de sempre un interese do culto sobre o popular. Galiza non é unha excepción. Ao longo do século XIX son moitos os músicos románticos que se interesan por este asunto, recompilando, compoñendo ou harmonizando melodías dunha beleza extraordinaria nas que se respira o aire das carballeiras e o alento do mar.

A edición de cancioneros e o movemento orfeonístico, ao xeito doutras cidades europeas, sentan as bases para camiñar cara o prestixio da lingua e a música autóctonas. Ademais, na Galiza intersecular aínda están moi vivas as foliadas e serán no rural, mais a migración ás vilas e cidades fai mudar xeitos de vida e semella proscibir aos que queren manter calquera manifestación da súa vida anterior. En contraposición a estes tópicos onde o traxe de gala era visto como mofa de antroido, xorde un novo concepto: "Aires da Terra", primeiro Coro Galego, quen vai supoñer unha revolución no pensamento sobre a etnografía musical que perdura até a actualidade.

O mítico Coro disólvese en 1914 e isto propicia que se multipliquen iniciativas a imaxe e semellanza. Neste florecer vanse implicar as Irmandades da Fala que, desde o seu nacemento, alentan a creación ou colaboran con dúzias de Coros Galegos por todo o País. Velaquí algúns dos herdeiros da idea de Don Perfeito: Viva o Ribeiro! (Ribadavia), Os Enxebres (Ourense), Foliadas e Cántigas (Pontevedra), Agarimos da Terra (Mondariz), Cántigas da Mariña (Ribadeo), Agrupación Artística (Vigo), Queixumes dos Pinos (Lavadores), Cántigas e Aturuxos e Frores e Silveiras (Lugo), Escumas e Brétemas (Monforte), Brisas do Masma (Mondoñedo), Ecos da Terra (Ferrol), Froita Nova e Queixumes dos Pinos (A Coruña), A Troula (Sada), etc. De todos eles só catro chegan aos nosos días, Toxos e Froles (Ferrol), De Ruada (Ourense), Cantigas e Agarimos (Compostela) e Cántigas da Terra (A Coruña).

A proposta artística dos coros combina as voces, os instrumentos, o baile e o teatro autóctonos, creando unha paisaxe emocional que nos identifica como galegos. Este herdo inmenso e fermoso que nos xungue como pobo está a camiñar cara un enterro silencioso. // Na nosa man está, como persoas, como sociedade e como País, darlle vida. Alentar como fixeron as Irmandades hai cen anos o rexurdir dos nosos Coros.

Por iso, Cántigas da Terra traballa hoxe na recuperación do espazo que lle é propio, no uso normal do galego e na interrelación entre as distintas disciplinas culturais, cumprindo así o desexo dos seus fundadores.

Sumádevos a este sentir que canta co corazón a emoción polo propio, como fixo o mesmo Castelao con Aires da Terra.

Moitas grazas.